

CIRCULAR 68-2017

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA. CURSO ACADÉMICO 2017/18

Todos aqueles atletas interesados en optar a unha praza para o **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** na vindeira tempada 2017/18 deberán presentar o modelo de solicitude que se adxunta neste documento xunto ao seu currículo deportivo antes do día **30 de xuño** na Federación Galega de Atletismo.

Lembramos que tódolos atletas que fosen finalmente admitidos deberán seguir vinculados ao longo de dous anos co club de orixe, salvo acordo mutuo entre o atleta e o club.

A FGA, unha vez recibidas tódalas solicitudes emitirá unha proposta á Dirección do CGTD.

Requisitos

Á espera que se publique oficialmente a convocatoria de prazas para a vindeiratempada 2017/18 incorporamos nas seguintes liñas as modalidades de prazas ofertadas no curso 2016/17cofin de informar, de forma xeral, aos posibles interesados acerca dos perfís de praza que convocou o Centro Galego de Tecnificación Deportiva na pasadatempada:

TIPOS DE PRAZA:

1. Para o grupo de Tecnificación: deportistas que fagan 15, 16, 17 ou 18 anos no 2018 (nados nos anos 2003, 2002, 2001 e 2000).

- **Praza de Residente:** residentes fóra do Concello de Pontevedra.
Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento e manutención completa na residencia (de luns a venres), servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.
- **Praza de Externo I:** residentes no Concello de Pontevedra.
Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



2. Para o grupo de Rendemento: deportistas maiores de 18 anos.

➤ **Praza de Externo 2:** para deportistas que fagan de 19 a 25 anos no ano 2018.

Segundo esta orde de prioridades:

- *Deportistas participantes no Campionato do Mundo, Campionato de Europa ou Copa do Mundo nos anos 2016 ou 2017.*
- *Deportistas que, no momento da publicación da convocatoria, estean entre os 2 primeiros postos da clasificación nacional da súa categoría na presente tempada (2016/2017).*
- *Deportistas campións ou subcampións de España en modalidades olímpicas no ano 2016 ou 2017.*
- *Deportistas que participaran en competicións oficiais coa selección española en modalidades olímpicas durante os dous últimos anos.*

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

➤ **Praza de Externo 3:** deportistas maiores de 18 anos.

Segundo esta orde de prioridades:

- *Deportistas que quedasen nos postos 3º ou 4º no Campionato de España do ano 2016 ou 2017.*
- *Deportistas que ocupen os postos 3º e 4º da clasificación nacional (2016/17) no momento da publicación da convocatoria.*
- *Deportistas que xustifiquen ter a condición de DGAN ou DAN en vigor.*
- *Deportistas que participaran nos últimos campionatos de Europa ou Campionato do Mundo nunha modalidade non olímpica.*
- *Deportistas que quedaran nun 1º posto no Campionato de España do ano 2017, en modalidades non olímpicas, tendo que contar con polo menos 15 participantes na proba a que fai referencia o 1º posto.*
- *Deportistas que ocupen o 1º posto da clasificación nacional, no momento da publicación da convocatoria, en modalidades non olímpicas.*

Beneficios da praza: incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

➤ **Residente maior de 18 anos:** deportistas que fagan de 19 a 25 anos en 2018 que residen fóra do Concello de Pontevedra e que estean matriculados nalgún centro educativo.

- *Deportistas que no curso anterior 2016-2017 estiveron formando parte dun grupo de tecnificación no CGTD.*
- *Deportistas incluídos nalgún programa de axuda ao deportista olímpico/paralímpico (bolsas ADO, ADOP, podium).*
- *Deportistas que acadaron un resultado entre os 8 primeiros, no último Campionato de Europa da súa categoría en modalidades olímpicas.*

Beneficios da praza: aloxamento (de luns a domingo) e manutención completa (de luns a venres), servizo de lavandaría, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



3. Outro tipo de praza:

- **Élite:** deportistas maiores de 25 anos.
 - Deportistas con participación nos últimos XXOO, xogos paralímpicos ou participantes no Campionato do Mundo, Campionato de Europa ou Copa do Mundo nos anos 2016 ou 2017 en modalidades olímpicas ou paralímpicas.
 - Deportistas que, no momento da publicación da convocatoria, estean entre os 2 primeiros postos da clasificación nacional.
 - Deportistas que participasen coa selección española durante os dous últimos anos.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

OUTROS DATOS DE INTERESE

- Poderán concorrer a esta convocatoria todos/as deportistas que reúnan os requisitos establecidos nas bases que se publicarán que pertencen a algunha das federacións deportivas galegas con autorización vixente para desenvolver o seu programa de tecnificación deportiva nas instalacións do centro.
- A Secretaría Xeral para o Deporte reservase a posibilidade de cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas, en función do grao de cumprimento dos requisitos propostos para cada perfil.
- Unha comisión fará unha valoración das solicitudes presentadas en relación a tres aspectos fundamentais: deportivo, académico e socio-económico.

RESPONSABLE DA F.G.A. DO PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN 2017/18

Dña. M^a. Dolores Pedrares Alonso

Ado/ Dolores Rojas Suárez

Secretaría Xeral F.G.A.



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO

Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

MODELO SOLICITUDE (CUBRIR CON LETRA MAIÚSCULA)

APELIDOS	
NOME	
DATA NACEMENTO	
LUGAR DE NACEMENTO	
DNI	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FIXO: MÓBIL:
EMAIL	
IDADE ACTUAL	
Nome e apelidos do adestrador actual	
Teléfono de contacto do adestrador actual	FIXO: MÓBIL:
Club na tempada 2016/17	
Club na tempada 2017/18	
Estudios feitos no curso 2016/17	
Estudios a facer no curso 2017/18	
Modalidade atlética practicada	
Mellores marcas realizadas na tempada 2015/16	
Mellores marcas realizadas na tempada 2016/17	



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



TRES MELLORES RESULTADOS NOS CAMPIONATOS GALEGOS NO ANO 2016 e 2017 (cubrir tódalas columnas)					
Campionato Galego	Categoría	Data	Modalidade	Resultado	Posto
TRES MELLORES RESULTADOS NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA NO ANO 2016 e 2017 (cubrir tódalas columnas)					
Campionato de España	Categoría	Data	Modalidade	Resultado	Posto
TRES MELLORES RESULTADOS NOS CAMPIONATOS INTERNACIONAIS COA SELECCIÓN ESPAÑOLA NO ANO 2016 e 2017 (cubrir tódalas columnas)					
Campionato	Categoría	Data	Modalidade	Resultado	Posto
Posto no ranking nacional na tempada 2016/17					
Posúe a condición de DGAN (marcar a opción válida)			SI		NON



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Posúe a condición de DAN (marcar a opción válida)	SI	NON
Está incluído no programa ADO ou ADOP (marcar a opción válida)	SI	NON
Tipo de praza (Sinalar segundo convocatorias anteriores)		
PARA FORMALIZAR A SUA SOLICITUDE DEBE REMITIR POR CORREO ORDINARIO OS SEGUINTES DATOS ANTES DO <u>30 DE XUÑO</u>:		
<ul style="list-style-type: none">👉 Curriculum deportivo completo da tempada 2016/17👉 Expediente académico curso 2016/17 (só para as solicitudes para o grupo de Tecnificación) 👉 Informe do adestrador (especificando tempo que leva adestrando, horas semanais adicadas ó adestramento, condicións... e outra información que sexa relevante) <u>avalado e asinado polo responsable do sector ao que pertence o deportista segundo a modalidade atlética practicada</u> (só para as solicitudes para o grupo de Tecnificación).		
Avda de Glasgow, 13 Complexo Deportivo de Elviña - 15008 A Coruña Fax: 981292056		